

galicia
acolle



Estatutos

GALICIA ACOLLE
Rúa San Roque 6, 1º
15704
Santiago de Compostela

www.galiciaacolle.org
galiciaacolle@galiciaacolle.org

GALICIA ACOLLE

- ESTATUTOS -

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1º. Denominación e natureza

Coa denominación de *Galicia Acolle*, constitúese en Santiago de Compostela, o día 28 de marzo de 2003, unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, apolítica e aconfesional, ó abeiro do disposto no artigo 22 da Constitución Española, a L.O. 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións vixentes dictadas en desenvolvemento e aplicación daquela, así como as disposicións normativas concordantes. O réxime da Asociación determinarase polo disposto nos presentes estatutos.

Art. 2º. Fins de Galicia Acolle

O fin xeral de *Galicia Acolle* é favorece-la integración dos inmigrantes na sociedade de acollida e a promoción da interculturalidade, entendida esta como a relación positiva de comunicación entre diversas culturas que coexisten nun mesmo marco xeográfico, e participación nun proxecto común de sociedade.

Os fins específicos son:

1. A defensa dos dereitos laborais, sociais ou de calquera índole das persoas inmigrantes.
2. Información, orientación e asesoramento que posibilite ás persoas inmigrantes a súa integración, ou no seu caso, reinserción na nosa sociedade.
3. Facilitar ás persoas inmigrantes o acceso ós servizos sociais, xurídicos, sanitarios, de vivenda, educativos, culturais, de ocio, etc.
4. Promoción da igualdade de oportunidades das mulleres inmigrantes.

5. Promover asociacións de inmigrantes para que eles mesmos cheguen a asumir o protagonismo da súa acción.
6. Dar a coñecer á opinión pública a situación da persoa inmigrante a través de calquera medio de difusión, xerando así canles de solidariedade.
7. Promove-la coordinación e colaboración dos distintos organismos e asociacións que se interesen por esta realidade.
8. Realizar actuacións a nivel autonómico aprobadas pola Asemblea Xeral da Asociación.
9. Promover e proponer ante as Administracións Públicas posibles solucións ás necesidades dos inmigrantes estranxeiros na Comunidade Autónoma.
10. Realizar actividades de sensibilización a través da Educación para Desenvolvemento co fin de achegar a realidade dos países do Sur á sociedade de acollida.
11. Aqueles que xurdan dunha continuada análise da realidade, encamiñados sempre á mellora da situación das persoas inmigrantes.

Art. 3º. Actividades

Para o cumprimento destes fins, realízanse as seguintes actividades, englobadas en diferentes áreas de traballo que serán desenvolvidas no Regulamento de Réxime Interno.

Son actividades concretas da Asociación, entre outras:

- Servicio de acollida, encargado da primeira atención, información e orientación ó inmigrante, que despois derivarase, se é necesario, a outros programas.
- Asesoramento xurídico nos diferentes procesos administrativos.
- Representación legal dos inmigrantes para os seus procesos contenciosos.
- Acompañamento ás oficinas de estranxeiría, cando se vexa necesario.
- Detección e documentación brotes xenófobos ou racistas para a súa denuncia
- Apoio ó aloxamento e ó mantemento dunha vivenda digna.

- Promoción da saúde a través de campañas de concienciación e derivación á sanidade pública.
- Atención a reclusos, intervención individualizada e grupal nos centros penitenciarios.
- Promoción cultural e educativa de nenos e xóvenes inmigrantes, con intervención nas escolas, clases de lingua e cultura de orixe e apoio extraescolar.
- Formación sobre inmigración e interculturalidade para profesionais, tanto do eido público coma privado (profesorado, funcionarios das administracións públicas, sanidade, traballadores sociais, educadores sociais, avogados, etc.)
- Promoción socio-laboral, para a mellora da situación laboral dos inmigrantes a través da formación ou do apoio a iniciativas de autoemprego.
- Promoción cultural de adultos inmigrantes, adicado fundamentalmente ás clases de linguas e culturas da sociedade de acollida.
- Sensibilización da sociedade sobre o feito migratorio, promovendo valores, denunciando realidades e reivindicando actitudes de coñecemento, respecto e intercambio cultural.
- Convivencia Intercultural, a través da creación de espazos que favorezan o intercambio, o coñecemento e o encontro entre culturas.
- Xestión dun Centro de Recursos, encargado de recopilar, elaborar e difundir materiais de apoio e de sensibilización.
- Relacións cos medios de comunicación así como propaganda e difusión cara o exterior.

Art. 4º. Enderezo

O enderezo social da Asociación radicarán na rúa San Roque 6bis, piso 1º, da localidade de Santiago de Compostela.

Art. 5º. Ambito de actuación

O ámbito territorial de actuación no que a Asociación *Galicia Acolle* realizará principalmente as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia.

Art. 6º. Duración

Galicia Acolle constitúese por tempo indefinido.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS DE *GALICIA ACOLLE*

Art. 7º. Órganos de goberno e representación de *Galicia Acolle*

Os órganos de goberno e representación de *Galicia Acolle* son, respectivamente, a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

CAPÍTULO III

ASEMBLEA XERAL

Art. 8º. Natureza

A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos membros determinados estatutariamente.

Adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e deberase reunir, como mínimo, unha vez cada ano.

Art. 9º. Reunións

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase alomenos unha vez ó ano, no primeiro trimestre; as extraordinarias, nos supostos previstos pola lei. Ámbalas dúas serán convocadas pola Xunta Directiva ou cando aosolicite por escrito un número de asociados non inferior ó trinta por cento.

Art. 10º. Convocatorias

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así coma o orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos 15 días, poidéndose asimesmo facer constar se procedera a data na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria.

Por razóns de urxencia, poderanse reducir os devanditos prazos.

Art. 11º. Da Asemblea Xeral Ordinaria

Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a. Nomeamento da Xunta Directiva e os seus cargos, administradores e representantes, así como os seus socios de honor.
- b. Examinar e aproba-los orzamentos anuais mailas contas do exercicio anterior.
- c. Examina-la memoria de actividades e aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- d. Fixa-las cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e. Acordo para constituir unha Federación de Asociacións ou integrarse nalgunha.
- f. Expulsión de membros a proposta da Xunta Directiva.
- g. Solicitud de declaración de utilidade pública.
- h. Disposición e enaxenación de bens.
- i. Aproba-lo Regulamento de Réxime Interno.
- j. Aprobar, se procedera, o Programa de Actividades.
- k. Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea extraordinaria.

- l. Aproba-la creación de delegacións territoriais, a proposta da Xunta Directiva
- m. Cese da Xunta Directiva e os seus cargos, administradores e representantes, así como os seus socios de honor.

Art. 12º. Da Asemblea Xeral Extraordinaria

Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a. A modificación parcial ou total dos Estatutos.
- b. A disolución da Asociación.
- c. A aprobación, se procede, do cambio de enderezo.

Art. 13º. Quórum de validez de constitución e de adopción de acordos

As Asembleas Xerais ordinarias quedarán validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, un mínimo dun tercio dos asociados en primeira convocatoria.

As Asembleas Xerais extraordinarias quedarán validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, un mínimo da metade dos asociados, en primeira convocatoria, e dun tercio en segunda convocatoria.

Para o cómputo de socios ou número de votos total, as representacións haberanse de presentar ó Secretario previo ó inicio da sesión.

Os acordos tomaranse nas Asembleas ordinarias por maioría simple dos presentes ou representados para adoptar acordos dos apartados a, b, c, d, e, g, h, j, m do art. 11 dos presentes estatutos; e maioría cualificada (2/3 de asistentes, presentes ou representados) para adoptar acordos dos apartados f, i, k, l do citado artigo.

Art. 14º. Delegacións de voto ou representacións

A representación ou delegación de voto só será válida para a sesión ou convocatoria pola que se expida, sendo nula calquera delegación ou representación indefinida.

Haberase de facer constar por escrito, con indicación dos datos persoais e número de socio do representante e representado, e asinado ou rubricado por ámbolos dous.

Ningún socio poderá representar a máis de cinco socios nunha mesma celebración da Asemblea.

CAPÍTULO IV

XUNTA DIRECTIVA

Art. 15º. Da Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano colexiado de goberno, representación e administración da Asociación, sen perxuízo das potestades da Asemblea Xeral como órgano soberano. Só os socios, maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, e que non estean incursos en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos, poderán formar parte da Xunta Directiva.

Estará composta, como mínimo por: Presidente, Vicepresidente (no caso de existir esta figura regulada no art. 19), Secretario, Tesoureiro e Vogais, sendo estes últimos os coordinadores de cada área de traballo e os respectivos representantes das delegacións territoriais. O Presidente e Secretario serán, asimismo, Presidente e Secretario da Asociación e da Asemblea Xeral.

A súa duración será de catro anos, poidendo se-los seus membros reelixidos indefinidamente.

Art. 16º. Procedementos para a elección e substitución de membros

A elección dos membros da Xunta Directiva pola Asemblea Xeral realizarase mediante a presentación de candidaturas, ás que se lles permitirá a axeitada difusión, cunha

antelación mínima de dúas semanas á celebración da correspondente reunión, constando na orde do día que convoca á Asemblea Xeral.

En caso de ausencia ou enfermidade dalgún membro da Xunta Directiva, poderá ser suplido provisionalmente por outro dos compoñentes desta, previa designación por maioría dos seus membros, agás no caso do Presidente que será substituído polo Vicepresidente, no caso de existir esta figura, según o procedemento regulado no art. 19.

Os membros da Xunta Directiva cesarán:

- a. Por transcurso do período dos seus mandatos. Sen embargo, ata que non se proceda á Asemblea Xeral subseguinte para a elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións, debéndose expresar dito carácter en cantos documentos houberen de asinar en función ós respectivos cargos.
- b. Por renuncia expresa.
- c. Por acordo da Asemblea Xeral.
- d. Por morte ou declaración de falecemento.
- e. Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, dacordo co establecido no ordeamento xurídico.
- f. Por resolución xudicial.
- g. Pola perda da condición de socio.

Art. 17º. Facultades da Xunta Directiva

Son facultades da Xunta Directiva:

- a. Dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realiza-los oportunos contratos e actos, sen perxuízo do disposto no artigo 11, apartado h.
- b. Executa-los acordos da Asemblea Xeral.
- c. Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral o Plano de Actividades.
- d. Elaborar e someter á aprobación da Asemblea xeral os orzamentos anuais e as contas.
- e. Elabora-la Memoria Anual de Actividades para o seu informe á Asemblea Xeral.

- f. Elaborar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno.
- g. Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- h. Nomear delegados ou crear comisións de traballo para algunha determinada actividade da Asociación.
- i. Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.
- j. Propoñer á Asemblea Xeral a creación de delegacións territoriais.

Art. 18º. O Presidente

Serán atribucións do Presidente:

- a. Representar legalmente á Asociación ante toda clase de persoas e organismos públicos ou privados.
- b. Convocar, presidir, dirixi-los debates e levanta-las sesións que celebren a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- c. Dirimir co seu voto os empates.
- d. Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- e. Executar e facer executa-los acordos da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- f. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, resulte necesaria ou convinte para o desenvolvemento das súas actividades, sen perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Art. 19º. O Vicepresidente

O seu nomeamento é competencia do presidente da Asociación, o cal poderá nomea-lo en calquera momento sendo preceptiva o visto bo da Asemblea Xeral Ordinaria na seguinte convocatoria.

O Vicepresidente ten como función a de asistir ó presidente.

Art. 20º. O Secretario

O Secretario terá ó seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os ficheiros e custodiará a documentación da

entidade, remitindo no seu caso, as comunicacións á Administración, cos requisitos pertinentes.

Art. 21º. O Tesoureiro

O Tesoureiro recadará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Art. 22º. Os Vogais

Os Vogais terán as misións específicas encomendadas pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así coma as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende. O número de vogais será determinado no Regulamento de Réxime Interno.

Art. 23º. Reunións e quórum de constitución e adopción de acordos

A Xunta Directiva reunirse previa convocatoria, debendo mediar polo menos tres días entre esta e a súa celebración, cantas veces o determine o seu Presidente e a petición da metade máis un dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos. No caso de empate, será de calidade o voto do Presidente ou de quen faga as súas veces.

CAPÍTULO V

DISPOSICIÓN COMÚNS ÓS ÓRGANOS

Art. 24º. Das actas

1. De cada sesión que celebren a Asemblea Xeral e Xunta Directiva levantarase acta polo Secretario, que especificará necesariamente o quórum necesario para a válida constitución (no caso da Xunta Directiva especificarase necesariamente os asistentes), o orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se

celebraron, os puntos principais das deliberacións, así coma o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros e/ou socios, o voto contrario ó acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable.
3. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, poidendo sen embargo emitir o Secretario certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran, sen perxuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

4. As actas serán firmadas polo Secretario e visadas polo Presidente.

Art. 25º. Impugnación de acordos

Os asociados poderán impugna-los acordos e actuacións da asociación que estimen contrarios ós Estatutos dentro do prazo de corenta días, a partir da data de adopción dos mesmos, instando a súa rectificación ou anulación e a suspensión preventiva no seu caso, ou acumulando ámbalas dúas pretensións polos trámites establecidos na Lei de Enxuízamento Civil.

En tanto se resollen as contendas de orde interno que se poidan suscitar na Asociación, as solicitudes de constancia rexistral que se formulen sobre as cuestións controvertidas só darán lugar a anotacións provisionais.

CAPÍTULO VI

OS MEMBROS

Art. 26º. Clases de membros e requisitos para asociarse

Os membros de *Galicia Acolle* divídense nos seguintes tipos:

- *Socios*: Persoas naturais, contratadas ou non, que colaboran nas actividades da asociación e coa súa achega económica para o desenvolvemento dos fins estatutarios.
- *Colaboradores*: Persoas naturais ou xurídicas que coa súa achega económica colabora no sostemento da asociación e na obtención de recursos para a realización das actividades da mesma.
- *Socios de honra*: Persoas naturais ou xurídicas que pola súa relevante colaboración coa asociación ou cos fins da mesma, sexan recoñecidos como tales. O seu nomeamento será aprobado pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

Poderán pertencer a *Galicia Acolle* aquelas persoas maiores de idade e con capacidade de obrar, que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación. A solicitude de ingreso debe ser aceptada pola Xunta Directiva.

Art. 27º. Perda da condición de membro

A condición de membro perderase por algunha das seguintes causas:

- a. Por renuncia voluntaria do membro, comunicada por escrito á Xunta Directiva. Os efectos serán automáticos, dende a data da súa presentación.
- b. Por impago de tres cotas, incumprindo as súas obrigas económicas. Será necesaria a expedición polo Tesoureiro de certificado de descuberto, coa sinatura conforme do Presidente. Os efectos serán dende a súa notificación ó membro moroso, facéndose constar, necesariamente, a perda da condición de asociado.
- c. Por incumprimento grave dos presentes Estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- d. Por conducta incorrecta, por desprestixiar á asociación con feitos ou palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre os membros.

O proceso para a expulsión dos apartados b, c, y d do parágrafo anterior, será iniciado pola proposta da Xunta Directiva á Asemblea. Que o deberá dicidir por maioría de dous

tercios dos presentes previa exposición por ambas partes das diferentes posturas. Quedando en suspensión a súa condición de socio tanto en canto non se aprobe en asemblea ordinaria segundo os presentes estatutos.

Art. 28º. Dereitos dos membros

Os *socios de honra* teñen dereito de asistencia e dereito de voz nas Asembleas Xerais pero non dereito de voto.

Son dereitos dos *socios*:

- a. Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación.
- b. Exerce-lo dereito a voto, así como asistir á Asemblea Xeral.
- c. Ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- d. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el.
- e. Impugna-los acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou os estatutos.
- f. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde ó mellor cumprimento dos fins da Asociación.
- g. Acceder á documentación da Asociación, a través da Xunta Directiva.
- h. Usa-los bens e instalacións de uso común da Asociación, con respecto a igual dereito do resto dos asociados.

Os *colaboradores* teñen dereito a recibir información puntual sobre as actividades da asociación, estado das contas e calquera información reseñable sobre o estado da mesma.

Art. 29º. Obrigas dos membros

Os membros terán os seguintes deberes:

- a. Comparti-las finalidades de *Galicia Acolle* e colaborar para a consecución das mesmas.

- b. Os socios e os colaboradores, paga-las cotas, derramas e outras aportacións que, dacordo cos estatutos, poidan corresponder a cada asociado.
- c. Cumpri-lo resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
- d. Acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva..

CAPÍTULO VII

RÉXIME DE FINANCIAMENTO, CONTABILIDADE E DOCUMENTACIÓN

Art. 30º. Obrigas documentais e contables

A Asociación disporá dunha relación actualizada de asociados. Asimesmo, levará unha contabilidade onde quedará reflectida a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens.

Nun libro de actas, figurarán as correspondentes ás reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación.

Art. 31º. Recursos económicos

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades de *Galicia Acolle* serán os seguintes:

- a. As cotas de entrada, periódicas ou extraordinarias.
- b. As subvencións, legados ou herdanzas que poidera recibir de xeito legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- c. Calquera outro recurso lícito.

Art. 32º. Patrimonio inicial e peche do exercicio

A Asociación carece de Patrimonio inicial.

O peche do exercicio asociativo coincidirá co último día do ano natural.

CAPÍTULO VIII

DISOLUCIÓN

Art. 33º. Acordo de disolución

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a. Por vontade dos asociados expresada mediante acordo adoptado por maioría de 2/3 en Asemblea Xeral Extraordinaria.
- b. Por imposibilidade de cumpri-los fins previstos nos estatutos apreciada por acordo da Asemblea Xeral.
- c. Polas causas que se determinan no artigo 39 do Código Civil.
- d. Por sentenza xudicial firme.

Art. 34º. Destino do patrimonio

A disolución da Asociación abrirá o período de liquidación. Ata o fin deste período, a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

O patrimonio resultante despois de efectuadas as operacións previstas na Lei de Asociacións, destinarase a entidades non lucrativas que persigan fins de interés xeral análogos ós realizados pola mesma.